

**INFORME CLIMATOLÓXICO  
MES DE XULLO DE 2013**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES .....</b>	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....</b>	<b>3</b>
<b>3</b>	<b>RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....</b>	<b>5</b>
<b>4</b>	<b>TEMPERATURA .....</b>	<b>8</b>
<b>4.1.</b>	<b>Temperatura mínima media mensual.....</b>	<b>9</b>
<b>4.2.</b>	<b>Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 Xullo. ....</b>	<b>10</b>
<b>4.3.</b>	<b>Evolución da temperatura media no período 1961-2013.....</b>	<b>14</b>
<b>5</b>	<b>PRECIPITACIÓN .....</b>	<b>15</b>
<b>5.1.</b>	<b>Precipitación acumulada mensual Xullo 2013.....</b>	<b>15</b>
<b>5.2.</b>	<b>Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....</b>	<b>16</b>
<b>5.3.</b>	<b>Días de chuvia en Xullo de 2013 .....</b>	<b>17</b>
<b>5.4.</b>	<b>Evolución da precipitación en Xullo de 2013.....</b>	<b>19</b>
<b>6</b>	<b>VENTO .....</b>	<b>20</b>
<b>7</b>	<b>RADIACIÓN SOLAR .....</b>	<b>23</b>
<b>7.1.</b>	<b>Mapa de irradiación solar mensual.....</b>	<b>23</b>
<b>7.2.</b>	<b>Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....</b>	<b>24</b>
<b>8</b>	<b>RAIOS.....</b>	<b>25</b>
<b>Anexo: Resumo mensual</b>		

### Data edición:

- **8/08/2013: Versión Inicial**
- **18/9/2013: Corrixidas as temperaturas da estación de O Xipro.**



## Xullo cálido e en xeral seco, con chuvascos treboentos no medio e ó final do mes.

### 1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xullo estivo caracterizado en xeral pola presenza das altas presións ao norte da península Ibérica, co conseguente arrastre de aire cálido procedente do norte de África. Este anticiclón soamente moveuse na derradeira semana do mes, aínda que a mediados do mesmo chegou aire frío en altura que deixou un importante episodio de treboadas. Con estes factores o mes resultou ser cálido, pero en canto a precipitacións moi irregular, con áreas máis afectadas polas tormentas onde se rexistrou chuvia en exceso e outras onde estas precipitacións estiveron por debaixo do agardado.

Nos primeiros 3 días do mes a situación foi anticiclónica, pero coas altas presións aínda sobre os Azores, polo que a pesar de gozar en xeral de tempo seco as temperaturas non foron elevadas, rexistrándose nubes e incluso algunhas chuvias febles no norte de Lugo e A Coruña.

Non foi ata a xornada do día 4 cando o anticiclón situouse ao norte da península Ibérica e achegou aire de orixe norteafricano a Galicia. Entre a xornada do 4 e o 9 Galicia viviu unha ola de calor similar á rexistrada no mes de xullo de 2006. As temperaturas foron moi elevadas, tanto nos valores mínimos, con puntos onde as temperaturas da madrugada non descendían dos 25°C, principalmente na zona das Rías Baixas, como nas máximas; neste caso nos vales do oeste da provincia de Ourense onde as máximas superaron varias xornadas consecutivas os 40°C.

A situación de ola de calor rematou entre as xornadas do 10 e o 11. Na costa tivemos a entrada de néboas costeiras, mentres que no interior a entrada de aire algo máis frío nas capas medias e altas da atmosfera ocasionou a formación de tormentas, por momentos moi intensas. Deste xeito o anticiclón continuou ao norte da península Ibérica, pero as temperaturas descenderon para acadar valores normais. O fenómeno das néboas no litoral, afectando principalmente ás Rías Baixas, así como os fenómenos treboentos no interior estendéronse ata o día 21, aínda que en xeral as treboadas foron perdendo intensidade e frecuencia a partir do día 16. Mentres, o norte de A Coruña non se viu moi afectado por esta situación de néboas e treboadas, polo que en xeral continuou a gozar de tempo seco, soleado



e con temperaturas elevadas para esa zona, ata que tamén nas xornadas do 20 e 21 sufriron a entrada desas néboas costeiras.

Entre as xornadas do 22 e o 24 as altas presións comezaron a moverse lentamente cara ao norte e pouco a pouco foise notando a perda da súa influencia. Aínda así, en xeral eses 3 días estiveron caracterizados polas nubes baixas durante a mañá e sol na tarde, con temperaturas normais para a época do ano, acadando valores próximos aos 30°C en Ourense e algo inferiores aos 25°C na costa.

Na tarde noite do 24 e na madrugada do 25 as baixas presións situáronse ao oeste de Irlanda e unha fronte asociada pasou pola Comunidade, deixando un aumento das nubes e algunhas chuvias de carácter feble. Na xornada do 25 tivemos unha melloría durante a tarde, que se prolongou o 26, pero o achegamento da borrasca e o aire frío en altura ocasionou un brusco empeoramento nas condicións meteorolóxicas das xornadas do 27 e 28, con chuvascos por momentos de forte intensidade e temperaturas baixas para a época do ano.

A situación de nubes, xa sen apenas precipitacións, mantívose na xornada do 29 e as dúas últimas xornadas do 30 e 31; as altas presións volveron a dominar a situación deixando ceo despexado, néboas costeiras e elevadas temperaturas no interior.

## **2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

Nos mapas de anomalías de presión, tanto a nivel de superficie (figura 1) como en 500 hPa (figura 2) se amosan as altas presións centradas no mar do Norte como centro predominante durante este mes, situación que favoreceu a entrada de aire cálido dende o norte de África e polo tanto os episodios de altas temperaturas que se rexistraron. As zonas de baixas presións quedaron localizadas ao oeste de Galicia, na zona de Azores, moi afastadas da nosa Comunidade o que fixo que as chuvias quedase en xeral por baixo da media característica do mes.



### Anomalías de presión a nivel medio do mar Xullo 2013




Figura 1: Anomalías de presión en superficie, Xullo de 2013.

### Anomalías de xeopotencial en 500 hPa. Xullo 2013




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa, Xullo de 2013



### 3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI).

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou Maior a 1 mm.

#### A CORUÑA

	XULLO 2013	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.5	18.7	20.7 (2006)	17.2 (1977)
Tª mínima media	16.7	15.6	17.6 (2006)	13.8 (1954)
Tª mínima absoluta	14.4 (día 2)	10.2 (08/07/1978)		
Tª mínima máis alta	19.4 (día 7)	21.0 (14/07/1969)		
Tª máxima media	24.3	21.8	24.5 (2006)	19.8 (2002)
Tª máxima absoluta	31.3 (día 8)	34.5 (17/07/2006)		
Tª máxima máis baixa	18.8 (día 1)	14.0 (03/07/1958)		
Precipitación acumulada	8	13-31	100 (1971)	2 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	3	5	12 (2009)	1 (1999)

*Comentario: Mes moi cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.*

*A chuvia rexistrada é inferior ó rango de valores normais para esta variable, isto tamén reflíctese no número de días de chuvia, inferior ó agardado.*

\* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1931-2013 Temperatura: 1948-2013

**SANTIAGO**

	XULLO 2013	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	22.0	19.7	21.9 (1989)	17.6 (2009)
Tª mínima media	15.9	14.4	16.0 (2006)	13.1 (1993)
Tª mínima absoluta	11.9 (día 23)	7.0 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	19.4 (día 7)	21.9 (22/07/1990)		
Tª máxima media	28.1	25.0	28.5 (1990)	22.1 (2009)
Tª máxima absoluta	38.2 (día 6)	40.3 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	19.3 (día 28)	15.8 (02/07/1998)		
Precipitación acumulada	31	19-40	154 (2009)	2 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	4	5	12 (1995)	1 (1992)

*Comentario:* Mes moi cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A chuvia acumulada mensual rexistrada está dentro do rango de valores normais polo que o mes considérase normal. Porén, o número de días de chuvia é inferior ó valor climático agardado para esta localidade.

\* Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2013. Temperatura: 1982-2013

**LUGO**

	XULLO 2013	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	21.5	19.1	21.8 (1999)	16.7 (1980)
Tª mínima media	15.2	13.5	15.9 (1999)	9.6 (1980)
Tª mínima absoluta	10.2 (día 30)	4.0 (17/07/1980)		
Tª mínima máis alta	18.3 (días 12 e 13)	26.0 (28/07/1989)		
Tª máxima media	27.9	25.0	28.6 (1990)	21.4 (1973)
Tª máxima absoluta	32.9 (día 31)	39.0 (17/07/2006)		
Tª máxima máis baixa	19.2 (día 28)	15.0 (30/07/1991)		
Precipitación acumulada	15	18-27	134 (1971)	0 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	1	4	10 (1977)	0 (1990)

*Comentario:* .Mes moi cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A chuvia rexistrada é inferior ó rango de valores normais para esta variable, considerándose o mes seco. O número de días de chuvia é moi inferior ó valor climático agardado, con tan só un día que supere o limiar dos 1 L/m<sup>2</sup>.

\* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2013. Temperatura: 1966-2013

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	XULLO 2013	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	21.3	19.9	22.4 (2006)	17.8 (1980)
Tª mínima media	16.5	14.4	16.4 (2006)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	12.4 (día 30)	3.1 (28/07/1969)		
Tª mínima máis alta	21.0 (día 7)	23.5 (04/07/1961)		
Tª máxima media	26.0	25.5	28.8 (1969)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	37.6 (día 7)	37.5 (17/7/2006)		
Tª máxima máis baixa	20.8 (día 12)	16.2 (20/07/1980)		
Precipitación acumulada	24	17-40	166 (1971)	0 (1993)
Días de chuvia (≥1mm)	3	4	11 (1995)	0 (1993)

*Comentario:* O mes considérase moi cálido tendo en conta as temperaturas medias e mínimas, mentres que para as máximas queda dentro da normalidade. Neste caso, acadouse o rexistro histórico máis alto de temperatura máxima. Mentres que o rexistro de temperatura mínima máis alta foi o terceiro máis alto da serie histórica.

*En canto á chuvia o mes considérase normal. O número de días de chuvia é inferior ó agardado.*

\* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1958-2013. Temperatura: 1958-2013

**OURENSE**

	XULLO 2013	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	24.9	22.4	25.0 (1989)	19.1 (1977)
Tª mínima media	16.1	14.8	17.7 (1972)	13.0 (1974)
Tª mínima absoluta	11.1 (día 30)	6.4 (08/07/1996)		
Tª mínima máis alta	19.1 (día 25)	22.6 (22/07/1990)		
Tª máxima media	33.7	29.7	33.8 (1989)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	41.9 (día 6)	42.6 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	21.8 (día 28)	18.0 (13/07/1982)		
Precipitación acumulada	30	8-17	69 (2009)	0 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	2	3	7 (2000)	0 (1990)

*Comentario:* Mes moi cálido en xeral tendo en conta todas a temperaturas.

*A chuvia rexistrada foi superior ó rango de valores normais polo que o mes resultou húmido nesta localidade. Porén, o número de días de chuvia foi inferior ó valor climático agardado.*

\* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1973-2013. Temperatura: 1972-2013





## 4 TEMPERATURA

As temperaturas foron elevadas durante este mes, debido á persistencia da situación anticiclónica e principalmente polo efecto de arrastre das xornadas entre o 4 e o 9 cando tanto as mínimas como as máximas foron moi elevadas, ocasionando diversas alertas tanto por temperaturas extremas como por ola de calor. Fora de estas xornadas en xeral as temperaturas seguiron sendo elevadas en xeral.




Figura 3: Mapa de temperatura máxima media do mes de Xullo de 2013.



#### 4.1. Temperatura mínima media mensual.




Figura 4: Mapa de temperatura mínima media do mes de Xullo de 2013.



#### 4.2. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 Xullo.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de Xullo respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. As comarcas de Verín e Sarria rexistraron as anomalías máis elevadas.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	4.0
Vilardevós	Ourense	3.9
Cervantes	Lugo	3.8
Oímbra	Ourense	3.8
Verín	Ourense	3.8
Samos	Lugo	3.7
Castrelo do Val	Ourense	3.6
Incio (O)	Lugo	3.4
Baltar	Ourense	3.4
Monterrei	Ourense	3.4

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de Xullo de 2013.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Ribeira	A Coruña	0.1
Cambados	Pontevedra	0.2
Grove (O)	Pontevedra	0.2
Sanxenxo	Pontevedra	0.3
Pobra do Caramiñal	A Coruña	0.3
Ribadumia	Pontevedra	0.4
Meaño	Pontevedra	0.4
Boiro	A Coruña	0.5
Illa de Arousa (A)	Pontevedra	0.5
Vilanova de Arousa	Pontevedra	0.5

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de Xullo de 2013.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos; con respecto ao período climático 1971-2000. Na comarca do Sanlés rexistráronse as anomalías máis baixas de temperatura.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de Xullo de 2013 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 6 e o 7 foron as máis calorosas.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2013				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
06/07/2013	Millara	Ferreira de Pantón	Lugo	43.1
07/07/2013	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	42.9
06/07/2013	Remuíño	Arnoia	Ourense	42.6
06/07/2013	Ourense	Ourense	Ourense	41.9
07/07/2013	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	41.4
06/07/2013	Verín-Vilela	Verín	Ourense	40.1
07/07/2013	Queimadelos	Mondariz	Pontevedra	40.0
07/07/2013	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	40.0
07/07/2013	Meder	Salvaterra de Miño	Pontevedra	39.7
06/07/2013	As Petarelas	Rubiá	Ourense	39.6

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de Xullo de 2013 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2013				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
06/07/2013	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	36.3
07/07/2013	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	34.3
06/07/2013	Xurés	Muíños	Ourense	33.6
06/07/2013	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	32.2
06/07/2013	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	31.3
06/07/2013	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	31.2
06/07/2013	Corzos	A Veiga	Ourense	31.2
06/07/2013	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	31.2
06/07/2013	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	29.2
06/07/2013	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	28.4

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de Xullo de 2013 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de Xullo de 2013 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2013				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
27/07/2013	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	4.3
28/07/2013	Xares	A Veiga	Ourense	5.0
02/07/2013	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	5.3
29/07/2013	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	5.4
02/07/2013	Corzos	A Veiga	Ourense	6.2
29/07/2013	Ancares	Cervantes	Lugo	7.5
28/07/2013	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	7.7
29/07/2013	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	8.3
29/07/2013	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	8.5
27/07/2013	Xurés	Muiños	Ourense	8.6

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de Xullo de 2013 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2013				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
20/07/2013	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	2.8
30/07/2013	Lanzós	Vilalba	Lugo	5.3
30/07/2013	Baltar	Baltar	Ourense	5.5
01/07/2013	Tioira	Maceda	Ourense	5.8
30/07/2013	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	6.1
18/07/2013	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	6.3
18/07/2013	Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	6.4
30/07/2013	Montederramo	Montederramo	Ourense	7.2
30/07/2013	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	7.6
23/07/2013	Fragavella	Abadín	Lugo	7.9

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de Xullo de 2013 altitude inferior a 1000m.



### 4.3. Evolución da temperatura media no período 1961-2013.




Figura 6: Evolución da temperatura media ó longo do período 1961-2013 para Xullo.





Figura 7: Anomalía da temperatura media ó longo do período 1961-2013 para Xullo.

## 5 PRECIPITACIÓN

As chuvias foron en xeral moi irregulares con carácter tormentoso. Soamente tivemos o paso dun sistema frontal feble na madrugada do 25. Estas chuvias de carácter tormentoso fixeron que algúns lugares do interior rexistrasen chuvias por riba da media dun mes de xullo, pero outras moitas localidades quedaron con rexistros de chuvia por debaixo da media.

### 5.1. Precipitación acumulada mensual Xullo 2013




**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de Xullo de 2013.





## 5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de Xullo de 2013.



### 5.3. Días de chuvia en Xullo de 2013

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>) foi de 2 días, a irregularidade na precipitación rexistrada neste mes, tamén reflíctese nesta variable. A comarca de Lugo, resultou a que acadou os valores máis baixos. Como se pode apreciar foron moi poucos os días de chuvia, que presentaron valores elevados de precipitación, sobre todo na provincia de Ourense e a Comarca de Ordes.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de Xullo de 2013.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de Xullo.

Precipitacións acumuladas máximas en xullo de 2013			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	78
As Petarelas	Rubiá	Ourense	69
Muralla	Lousame	A Coruña	62
Montederramo	Montederramo	Ourense	60
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	57
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	55
Costa	Rois	A Coruña	49
Ordes	Ordes	A Coruña	45
Xurés	Muiños	Ourense	43
Corón	Vilanova de Arousa	Pontevedra	39

7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de Xullo de 2013.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	71	27/07/2013 20:30
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	52	27/07/2013 7:40
Ordes	Ordes	A Coruña	39	27/07/2013 8:10
Montederramo	Montederramo	Ourense	36	27/07/2013 18:50
Petarelas	Rubiá	Ourense	35	12/07/2013 16:50
Costa	Rois	A Coruña	35	27/07/2013 6:00
Manzaneda	Manzaneda	Ourense	33	12/07/2013 21:10
Muralla	Lousame	A Coruña	32	27/07/2013 14:20
Corón	Vilanova de Arousa	Pontevedra	31	27/07/2013 8:50
Olas	Mesía	A Coruña	29	27/07/2013 16:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de Xullo de 2013.



### 5.4. Evolución da precipitación en Xullo de 2013




Figura 11: Evolución da precipitación acumulada en Xullo respecto ó período 71-00.














Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en Xullo respecto ó período 71-00.







## 6 VENTO

Neste mes de xullo non houbo ningún día no que o refacho máximo superase os 100 km/h.





PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	84.7	SO	22		
		Día 17				
Pta. Candieira	Cedeira	93.0	NE	7		
		Día 1				
Malpica	Malpica	65.8	E	5		
		Día 13				
Marco da Curra	Monfero	61.3	NE	11		
		Día 27				
Río do Sol	Coristanco	69.2	N	4		
		Día 27				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Xullo de 2013 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	64.8	SE	14		
		Día 1				
Ancares	Cervantes	76.4	NE	14		
		Día 13				





**Táboa 11:** Resumo vento no mes de Xullo de 2013 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	57.6	SO	18		
		Día 13				
Rodicio	Maceda	60.7	NE	10		
		Día 13				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	47.6	NO	36		
		Día 13				

**Táboa 12:** Resumo do vento no mes de Xullo de 2013 na provincia de Ourense.


PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	59.9	S	25		
		Día 1				
Ons	Bueu	64.7	SO	14		
		Día 27				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de Xullo de 2013 na provincia de Pontevedra.



## 7 RADIACIÓN SOLAR

### 7.1. Mapa de irradiación solar mensual




**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de Xullo de 2013.





## 7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.




## 8 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou un total de 5635 raios en Galicia, que se produciron principalmente entre os días 10 e 17. Na figura 15 móstrase a distribución dos raios neste mes



**Figura 15:** Número de raios rexistrados en Galicia en Xullo de 2013.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.



**Figura 16:** Número de raios rexistrados por provincias en Xullo de 2013.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2013 Mes: 7

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C				Tª Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	17.4	22.5	29.5	31	14.4	11.9	23	7	1.2	5	-	89	99	69	43	198	1819	-	-	--	-	-	--	-	14	0		
Abradelo	20.1	28.0	33.6	6	14.1	9.6	23	14	8.4	13	-	71	94	42	70	323	2554	-	-	--	-	-	--	-	7	0		
Alto de Cerredo	18.8	24.2	30.0	6	14.5	10.5	28	19	18.2	28	--	73	91	51	-	-	-	6	47	28	911	-	-	-	4	0		
*Alto do Faro	18.7	24.9	31.4	6	13.3	9.3	30	8	6.8	28	-	73	94	44	-	-	-	5	48	27	923	-	-	-	5	0		
*Alto do Poio	18.4	23.1	29.2	6	14.2	8.7	28	29	19.8	28	-	61	85	39	-	-	-	9	68	13	-	-	-	-	5	0		
Ancares	18.1	22.9	28.3	6	14.0	7.5	29	29	16.5	15	-160	60	83	39	68	314	2447	14	76	13	869	-	-	-	5	0		
*Borreiros	19.5	24.9	28.9	8	14.8	10.0	23	11	7.3	28	-130	80	95	59	52	241	2092	4	45	29	1011	-	-	-	6	0		
Bóveda	21.8	30.8	36.4	8	14.4	9.5	30	5	2.9	28	-	67	93	34	68	310	2440	-	-	--	-	-	--	-	5	0		
Burela	17.4	19.8	22.5	31	15.4	12.8	1	16	3.9	28	-85	91	98	78	42	195	1823	13	65	28	970	-	-	-	20	0		
Campus Lugo	20.4	27.9	32.9	31	15.2	10.2	30	15	15.0	28	-149	72	91	43	55	252	2225	7	38	10	970	-	-	-	2	0		
Castro R. de Lea	19.4	26.7	34.0	31	14.1	8.0	30	10	6.9	28	-	80	99	51	-	-	-	-	-	--	970	-	-	-	6	0		
Conchada	21.4	29.3	35.6	7	15.3	11.2	30	12	7.0	28	-	67	92	40	68	310	2421	-	-	--	-	-	--	-	5	0		
Corno do Boi	17.8	24.8	30.1	8	13.1	10.9	27	18	16.2	28	-142	81	99	52	67	309	2465	12	53	27	-	-	-	-	11	0		
Courel	21.2	29.0	36.2	6	15.0	10.1	23	36	18.0	28	-167	59	83	34	68	310	2428	9	87	14	930	-	-	-	6	0		
*Fontaneira	18.7	24.5	30.2	31	14.1	9.9	23	29	28.8	28	-143	75	93	51	64	293	2491	4	52	28	914	-	-	-	2	0		
Foz	18.8	22.1	26.0	29	16.2	11.8	23	23	5.6	28	-	91	99	77	36	167	1686	-	-	--	-	-	--	-	15	0		
Fragavella	16.8	21.0	28.6	31	13.1	7.9	23	24	15.8	28	-99	88	98	69	54	250	2124	12	70	28	950	-	-	-	12	0		
Guitiriz	18.0	24.5	29.8	19	13.6	11.1	27	7	5.6	28	-145	81	98	55	62	284	2378	15	54	27	941	-	-	-	7	0		
*Labrada	17.0	22.0	29.2	31	13.3	9.0	23	22	18.0	28	-120	84	98	61	59	273	2321	9	44	28	-	-	-	-	10	0		
*Lanzós	18.7	25.3	31.2	31	12.2	5.3	30	13	7.5	28	--	77	96	53	-	-	-	5	41	10	963	-	-	-	2	0		
*Lourenzá	19.6	24.4	28.6	30	15.8	10.7	23	15	5.4	28	-	85	97	68	-	-	-	5	36	29	-	-	-	-	12	0		
Marroxo	20.8	29.1	36.1	6	15.2	12.8	28	16	6.6	28	-164	69	92	35	60	275	2372	6	79	13	945	-	-	-	8	0		
*Míllara	23.9	35.6	43.1	6	15.9	12.1	30	5	3.8	28	-	64	93	29	-	-	-	3	35	27	-	-	-	-	2	0		
*Morelle	21.3	31.1	36.6	8	14.2	8.0	30	5	4.0	28	-164	73	97	39	56	259	2274	3	35	28	970	-	-	-	3	0		
O Cebreiro	17.9	25.3	31.2	6	12.3	7.7	28	27	22.4	28	-157	70	93	46	69	319	2533	13	66	5	874	-	-	-	7	0		
O Xipro	19.2	25.3	30.6	6	14.3	10.0	6	22	20.4	28	-148	76	96	48	61	281	2463	10	50	28	929	-	-	-	10	0		
*Olveda	19.8	28.2	35.6	6	13.2	10.5	23	8	7.2	28	-168	73	97	40	65	298	2440	5	36	27	-	-	-	-	4	0		
Pedro Murias	18.9	21.4	25.5	29	16.7	13.3	23	19	5.8	28	-75	91	97	82	29	136	1500	7	51	27	1013	-	-	-	18	0		
Penedo do Galo	16.8	20.7	25.8	31	14.4	12.0	1	26	10.1	28	-	86	96	69	46	212	1785	-	-	--	-	-	--	-	20	0		
Pol	18.2	25.5	33.0	31	13.5	11.6	18	9	9.2	28	-	82	100	51	62	284	2333	-	-	--	-	-	--	-	2	0		
Portomarín	20.6	29.9	35.0	31	14.0	9.9	18	11	10.8	28	-	73	98	39	57	263	2243	-	-	--	967	-	-	-	4	0		
Sambreixo	18.7	26.1	30.8	19	12.2	7.9	30	14	12.8	28	-	76	95	47	64	297	2313	-	-	--	-	-	--	-	5	0		
*San Clodio	23.2	32.7	38.9	5	14.8	10.9	30	20	8.4	12	-	66	95	33	-	-	-	3	43	14	987	-	-	-	4	0		
*San Fiz	21.5	29.6	35.6	8	15.4	10.8	30	24	22.2	28	-163	72	95	41	57	264	2512	7	70	13	972	-	-	-	2	0		
*Sobrecedo	21.1	29.2	35.1	8	15.0	10.1	30	4	3.6	28	-	72	94	41	-	-	-	4	37	13	971	-	-	-	2	0		
Ventosa	18.9	25.9	32.1	31	12.9	9.5	30	14	9.8	28	-159	72	94	44	65	297	2444	9	49	28	915	-	-	-	7	0		
*Vilamor	18.9	23.3	27.4	24	15.4	10.1	23	11	10.6	28	-115	82	95	64	42	196	1907	5	31	28	-	-	-	-	2	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2013 Mes: 7

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C				Tª Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Ourense																												
A Mezquita	20.8	27.7	34.3	7	14.0	8.3	29	14	11.2	28	-199	54	78	32	74	340	2601	10	65	13	904	4	0					
*A Trabe	22.4	29.2	35.4	7	16.0	10.8	29	30	14.7	14	-191	55	80	32	72	329	2601	10	53	5	930	5	0					
Alto do Rodicio	19.2	25.1	31.8	6	13.9	9.7	1	27	14.8	28	-138	68	92	41	-	-	-	12	61	13	908	6	0					
Amiudal	21.5	29.4	37.2	6	15.3	11.2	26	17	12.1	28	-184	66	88	36	74	337	2640	8	57	13	955	5	0					
As Petarelas	22.6	31.6	39.6	6	15.0	10.6	29	69	27.2	12	-	56	82	26	72	331	2658	-	-	--	-	9	0					
Baltar	20.6	29.8	37.2	6	11.1	5.5	30	29	17.0	13	-176	60	94	27	74	337	2587	9	45	27	927	7	0					
Cabeza de Manzaneda	15.5	19.3	25.3	6	11.9	4.3	27	57	33.3	13	-125	62	84	40	72	327	2650	15	71	5	830	8	0					
*Calvos	18.7	27.8	35.4	8	8.1	2.8	20	15	10.3	28	--	68	98	33	-	-	-	6	42	27	-	7	0					
Casaio	19.6	24.7	31.3	6	15.0	9.5	29	34	15.2	12	--	52	73	32	-	-	-	7	65	28	-	8	0					
*Corzos	18.3	25.4	31.2	6	11.4	6.2	2	28	11.1	28	--	63	88	38	-	-	-	7	37	21	-	5	0					
Entrimo	21.5	28.9	38.0	7	15.0	9.9	21	18	13.0	28	-	63	88	37	73	331	2537	-	-	--	-	5	0					
*EVEGA Leiro	23.6	34.6	42.9	7	14.2	9.7	30	12	9.4	28	-	64	94	28	-	-	-	3	35	27	1005	4	0					
Gandarela	21.6	29.9	38.4	7	15.3	11.5	27	25	13.8	15	-161	69	93	40	73	333	2431	8	48	13	947	5	0					
Lardeira	16.9	22.2	28.4	6	12.5	5.4	29	23	9.8	12	-174	59	80	37	73	333	2642	15	--	--	843	8	0					
*Larouco	22.6	31.2	38.9	6	15.0	10.9	29	36	18.0	13	-	56	82	27	-	-	-	4	30	22	958	4	0					
*Laza	22.3	31.5	38.7	6	13.8	10.0	30	25	13.0	28	-177	60	90	28	70	319	2530	5	41	14	-	4	0					
Monte Medo	21.2	29.0	36.0	6	13.6	8.9	30	27	17.0	13	-	63	93	31	72	330	2651	-	-	--	-	3	0					
*Montederramo	18.3	25.8	32.7	7	10.7	7.2	30	60	36.2	28	-	72	97	42	-	-	-	3	33	28	911	6	0					
O Invernadeiro	20.0	28.7	36.3	6	11.5	5.3	2	28	14.2	28	-172	60	85	31	70	319	2337	8	55	14	904	11	0					
*Oímbra	23.1	32.7	39.2	7	13.3	9.1	30	21	8.5	13	--	60	93	29	-	-	-	5	34	2	974	6	0					
Ourense	24.4	33.7	41.9	6	16.1	11.1	30	30	24.2	13	-	61	91	29	-	-	-	-	-	--	-	3	0					
Ourense-Ciencias	23.9	31.9	39.5	6	17.0	12.2	30	28	22.7	13	-168	65	89	36	69	315	2470	7	48	13	998	4	0					
*Pazo de Fontefiz	22.5	30.5	37.8	6	15.8	11.1	30	12	8.0	28	-191	61	85	32	68	310	2559	5	46	13	971	4	0					
*Ponte Boga	21.7	30.1	36.7	6	14.8	11.0	30	30	13.4	13	--	61	85	32	--	--	--	5	58	13	964	5	0					
*Prado	23.1	32.4	40.4	7	15.3	11.5	30	32	20.2	11	--	69	95	37	-	-	-	3	28	27	1002	4	0					
Remuíño	22.9	33.8	42.6	6	14.5	10.2	30	2	2.0	11	-	70	97	34	-	-	-	4	58	13	-	3	0					
*Riós	21.6	29.8	36.5	6	14.2	9.1	2	27	13.5	28	-149	61	88	33	59	269	2306	2	30	13	-	7	0					
San Xoán de Río	19.3	26.1	32.2	6	13.8	9.1	29	16	7.0	28	-171	68	92	41	71	328	2488	13	59	13	903	8	0					
Serra do Eixe	18.8	24.9	31.2	6	13.3	8.5	29	20	11.0	28	-174	61	86	36	73	336	2651	14	64	28	883	8	0					
*Tioira	20.1	29.4	36.2	7	10.7	5.8	1	39	24.8	28	--	72	99	39	-	-	-	3	30	13	955	3	0					
Verín-Vilamaior	23.0	32.0	38.8	7	15.2	11.3	30	25	17.4	28	-182	58	85	29	72	328	2537	6	67	14	955	6	0					
Verín-Vilela	22.3	33.1	40.1	6	11.9	7.9	30	17	9.8	28	-177	65	97	29	72	327	2500	5	40	14	-	3	0					
Viana do Bolo	20.7	29.3	36.0	6	12.5	7.6	30	16	13.9	28	-173	64	93	34	72	330	2483	7	54	13	922	6	0					
Xares	16.1	20.5	26.4	6	12.0	5.0	28	37	14.8	14	-154	59	81	38	73	333	2615	16	72	13	829	6	0					
*Xinzo	21.0	30.6	38.3	7	11.3	6.1	30	17	8.6	13	-171	70	99	36	70	320	2520	5	41	13	-	6	0					
Xurés	20.0	25.6	33.6	6	14.7	8.6	27	43	23.1	16	-143	62	88	40	70	319	2578	12	58	13	900	7	0					

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2013 Mes: 7

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Pontevedra</b>																											
*A Armenteira	20.1	25.7	37.1	5	14.8	10.7	18	17	9.0	27	-137	79	95	58	60	277	2210	4	41	27	-	-	-	-	10	0	
*A Graxa	22.1	30.0	39.6	7	14.9	10.2	18	11	9.4	28	-149	67	90	40	59	269	2364	3	22	2	1012	-	-	-	3	0	
A Lanzada	20.2	24.9	37.8	5	16.3	12.8	30	22	13.6	27	-129	81	94	63	62	283	2231	13	69	5	--	-	-	-	5	0	
*Areas	21.7	28.8	38.6	8	16.0	12.0	22	10	4.6	28	-	75	96	49	-	-	-	2	30	2	-	-	-	-	4	0	
*Areiro	20.7	25.3	37.0	7	16.6	12.5	30	26	24.5	28	--	80	95	61	--	--	--	3	40	25	1008	-	-	-	3	0	
*As Eiras	20.6	26.4	38.9	7	15.7	11.8	22	5	2.6	27	-158	78	94	57	61	279	2368	3	35	28	1012	-	-	-	3	0	
*Barrantes	20.7	26.0	37.7	5	15.4	11.0	30	12	5.6	27	-137	79	96	58	61	282	2149	3	37	27	-	-	-	-	5	0	
Caldas de Reis	20.7	27.7	38.6	7	15.6	12.6	23	24	12.9	28	--	74	94	47	59	273	2234	-	-	--	986	-	-	-	9	0	
*Camanzo	21.6	29.0	38.0	6	15.3	10.3	30	25	23.3	28	-142	72	94	47	-	-	-	6	59	27	993	-	-	-	3	0	
*Castrelo	20.8	25.7	36.2	5	16.5	12.6	30	15	7.1	28	--	84	97	68	63	287	2179	4	33	27	-	-	-	-	5	0	
Castro Vicaludo	19.9	23.3	33.9	8	16.6	12.2	21	8	3.5	27	-153	77	90	60	64	295	2295	10	67	28	962	-	-	-	3	0	
Castrove	20.4	25.0	34.8	5	16.2	12.9	26	18	9.5	28	-149	74	90	56	64	291	2287	9	54	28	968	-	-	-	10	0	
*Cequelíños	23.2	32.0	41.4	7	16.1	11.8	22	4	3.4	28	-191	71	98	37	70	320	2515	6	45	28	-	-	-	-	2	0	
Corón	20.5	24.6	35.1	5	17.2	15.1	23	39	19.2	27	-91	79	93	61	67	309	2355	14	75	27	1015	-	-	-	6	0	
*Entenza	22.2	30.0	40.0	7	16.0	11.3	30	7	4.2	28	-177	72	95	44	66	300	2512	2	31	27	-	-	-	-	3	0	
Fornelos de Montes	20.6	25.5	34.0	7	16.3	11.1	26	15	10.6	28	-162	70	88	50	68	313	2294	11	60	27	938	-	-	-	9	0	
Illas Cíes	19.9	23.4	36.4	7	17.1	14.1	2	5	3.1	27	-125	83	94	68	51	234	2204	10	57	27	-	-	-	-	5	0	
*Louredo	20.1	26.2	36.6	5	14.9	11.4	30	15	7.6	28	-	79	96	56	-	-	-	3	30	27	989	-	-	-	3	0	
Lourizán	20.9	26.8	37.6	7	16.5	12.4	30	24	20.6	28	-128	83	95	56	59	272	2229	5	41	28	1011	-	-	-	7	0	
*Meder	22.5	30.7	39.7	7	16.1	11.8	30	7	4.9	28	--	66	88	39	-	-	-	4	31	20	1000	-	-	-	3	0	
Monte Aloia	20.9	27.3	37.5	7	16.2	12.2	26	18	12.6	28	-132	72	90	50	44	201	1967	7	51	27	962	-	-	-	4	0	
Mouriscade	19.9	28.3	36.7	6	11.5	6.3	18	19	16.4	28	-158	74	94	45	70	320	2494	5	45	13	960	-	-	-	8	0	
O Viso	20.8	27.0	39.0	7	16.3	13.0	22	6	2.0	28	-143	76	93	54	-	-	-	9	57	28	986	-	-	-	8	0	
Ons	19.4	23.0	35.0	6	16.5	13.5	2	9	3.2	27	-143	84	95	68	64	295	2438	14	65	27	1004	-	-	-	11	0	
*Pé Redondo	21.2	26.7	38.2	5	16.4	13.1	30	16	7.2	27	-90	78	94	58	-	-	-	2	44	27	-	-	-	-	10	0	
Pereira	20.0	26.4	34.9	6	14.0	9.3	26	24	19.2	28	-	71	92	45	72	332	2600	-	-	--	937	-	-	-	11	0	
*Ponte Caldelas	20.3	26.2	35.9	5	14.7	10.2	30	22	16.9	28	--	74	93	52	-	-	-	6	38	28	976	-	-	-	3	0	
Queimadelos	22.2	30.7	40.0	7	16.7	12.8	27	24	20.8	28	-133	71	91	45	53	243	2035	3	32	17	976	-	-	-	5	0	
Rebordelo	19.8	27.0	37.0	5	12.3	6.4	18	78	70.7	28	-	78	97	53	67	309	2369	-	-	--	976	-	-	-	10	0	
Sanxenxo	20.7	25.2	38.6	7	17.1	14.6	3	30	21.8	28	-129	81	94	63	60	274	2347	6	47	28	1013	-	-	-	5	0	
Serra do Faro	19.2	24.8	32.2	8	14.7	8.8	27	30	15.4	28	-155	69	90	43	72	330	2449	16	64	27	907	-	-	-	4	0	
*Simes	21.1	27.1	38.6	7	15.6	11.8	18	13	7.0	27	-142	79	97	57	60	275	2211	2	34	27	-	-	-	-	4	0	
*Soutomaioir	21.1	26.7	38.3	5	16.5	12.3	30	13	6.3	11	--	70	86	50	-	-	-	3	32	28	997	-	-	-	4	0	
*Torrequintáns	21.0	26.5	38.1	7	16.1	11.9	30	12	7.5	28	-145	73	90	52	59	270	2168	5	45	27	1009	-	-	-	3	0	
*Tremoedo	20.7	25.9	37.3	5	15.9	12.2	30	25	13.8	27	--	73	88	53	--	--	--	3	37	13	1009	-	-	-	6	0	
Vigo	21.3	25.7	37.5	7	17.6	14.1	22	5	2.7	28	-	82	95	61	-	-	-	-	-	--	-	-	-	-	3	0	
Vigo-Campus	20.2	24.4	35.2	8	16.6	12.5	21	9	5.0	28	--	72	88	51	--	--	2481	8	60	27	965	-	-	-	7	0	
Vigo-II Marinas	20.5	23.3	35.7	7	18.0	15.6	3	3	1.8	28	-150	79	91	65	66	300	2285	8	48	27	1015	-	-	-	3	0	

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.

Xesteiras	19.3	24.0	33.6	7	15.3	11.2	2	36	18.8	28	-	71	87	49	-	-	-	14	93	27	-	14	0
-----------	------	------	------	---	------	------	---	----	------	----	---	----	----	----	---	---	---	----	----	----	---	----	---

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.